



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

## ANUNCIO

**ASUNTO:** Posta en marcha da sede electrónica e do rexistro electrónico do Concello de Nigrán

**Trámite:** Publicación

**Aprobación:** Alcaldía Presidencia por Resolución do 28 de febreiro de 2017

Faise pública a Resolución da Alcaldía Presidencia do 28-02-2017 sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no seu preámbulo fai fincapé en que unha Administración sen papel baseada nun funcionamento integramente electrónico serve mellor aos principios de eficacia e eficiencia, ao aforrar custes a cidadáns e empresas, e ademais reforza as garantías dos interesados, porque a constancia de documentos e actuacións nun arquivo electrónico facilita o cumprimento das obrigacións de transparencia, xa que permite ofrecer información puntual, áxil e actualizada aos interesados

Para facer efectivo, entre outros, o dereito e, no seu caso, a obriga dos cidadáns de relacionarse electronicamente con esta Administración, resulta necesario poñer á súa disposición a sede electrónica municipal e, dentro da mesma, un rexistro electrónico a través do que os interesados poidan dirixirse ao Concello.

Tendo en conta o sinalado, e ao amparo do previsto na referida Lei 39/2015, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normas de aplicación, esta Alcaldía **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.** Establecer a sede electrónica do Concello de Nigrán, dispoñible para os cidadáns a través das redes de telecomunicacións na dirección electrónica <https://sede.nigran.org/>, cos contidos que figuran na mesma, sen prexuízo da incorporación progresiva de novas funcionalidades.

**SEGUNDO.** Autorizar a creación e posta en marcha do rexistro electrónico do Concello de Nigrán, accesible na referida sede electrónica municipal nas condicións alí indicadas, e na que figurará tamén a relación actualizada dos trámites que poden iniciarse a través do mesmo. A súa xestión corresponde ao Negociado de Rexistro e Información do Concello.

**TERCEIRO.** Facer pública a presente resolución na propia sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Nigrán

O ALCALDE

Asdo.: Juan Antonio González Pérez